

BANDO INFORMATIVO

TICKET ELÉCTRICO SOCIAL DE GALICIA

DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso (A Coruña)

INFORMA:

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria abriu o prazo para solicitar o pagamento de parte da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia para unidades de convivencia con menores de 18 anos ou persoas con discapacidade.

PERSOAS BENEFICIARIAS

Unidades de convivencia con menores de 18 anos ou persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cuxos ingresos económicos no ano 2015 non superaron os 9585,19€.

TIPO DE AXUDA

Trátase dunha axuda de 180€ ao ano para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos ou de 300€ para as familias numerosas.

Os gastos subvencionables serán as facturas de electricidade cuxo período de lectura estea comprendido entre o 1 de xullo do 2016 ao 30 de xuño de 2017.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 15 de xullo de 2017

MAIS INFORMACIÓN: *Diario Oficial de Galicia*, núm. 10 do 16 de xaneiro de 2017.

Nos servizos sociais municipais, Rúa do Deporte, baixo, Sigüeiro, Oroso

Oroso, 18 de xaneiro do 2017

O alcalde

The image shows a handwritten signature in blue ink, which is scribbled over a circular official stamp. The stamp is also in blue ink and contains the text 'CONCELLO DE OROSO (A Coruña)' around the perimeter and 'ALCALDÍA' in the center, with a small crest above the word 'ALCALDÍA'.

Manuel Mirás Franqueira